

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 26 de decembro de 2007 pola que se regula a xestión da renda básica de emancipación dos mozos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, ten por obxecto regular a renda básica de emancipación, medida destinada a axudar ao pagamento da renda aos mozos e mozas que, tendo entre 22 e 30 anos, cumpran cos requisitos establecidos na dita norma.

O fin desta regulación de carácter subvencional é dinamizar e favorecer o arrendamento, facilitando, pola súa vez, a emancipación da mocidade. A norma posúe unha incidencia directa en materia de vivenda ao constituír condición necesaria para a concesión das axudas e o seu mantemento a existencia dunha relación arrendaticia, conformando este, pola súa vez o seu obxecto e finalidade principal.

A comunidade autónoma no ámbito dos títulos competenciais que posúe procede a través desta orde, a desenvolver esta normativa, co obxecto de establecer a xestión e aplicación destas axudas no seu territorio.

Así, esta orde establece a xestión da renda básica de emancipación en Galicia, os órganos competentes para tramitar e resolver as solicitudes que se presenten na nosa comunidade autónoma, así como un prezo de aluguer máximo para os contratos de arrendamento cuxos inquilinos queiran beneficiarse da dita axuda directa.

En particular e no referido á xestión desta liña subvencional, esta queda encomendada ás sociedades públicas de xestión urbanística dependentes da consellería.

Na súa virtude, e de conformidade co disposto no artigo 1 a) do Decreto 505/2005, do 22 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as condicións de aplicación e xestión da renda básica de emancipación dos mozos, regulada no Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-*A xestión das axudas.*

A través desta orde encoméndase ás sociedades públicas de xestión urbanística a xestión da renda básica de emancipación regulada nesta orde e no Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, polo que se regula a renda básica de emancipación.

Esta encomenda ten o seu marco na resolución dita no seu día para a realización de actuacións relativas á xestión do programa de vivenda en aluguer e outros, que será modificada para o efecto.

Artigo 3º.-*Ámbito de aplicación.*

Esta orde será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º.-*Renda básica de emancipación.*

As axudas directas destinadas ao apoio económico para o pagamento da renda a que se refire esta orde

serán as reguladas no Real decreto 1742/2007, do 2 de novembro.

Artigo 5º.-Condicións xerais para acceder á renda básica de emancipación.

Para ser beneficiario da renda básica de emancipación será necesario cumprir as condicións establecidas no Real decreto 1742/2007, do 2 de novembro.

Igualmente, para os efectos da concesión da dita axuda na comunidade autónoma de Galicia, o prezo de aluguer establecido nos correspondentes contratos de arrendamento non poderá superar os 600 euros nos concellos da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e, os 500 euros no resto de concellos da Comunidade Autónoma. Estas contías constitúen o límite máximo que deberán respectar os prezos de aluguer inicial dos contratos de aluguer cuxos arrendatarios queiran solicitar a renda básica de emancipación.

Artigo 6º.-*Órganos competentes e recursos.*

Os delegados provinciais da Consellería de Vivenda e Solo, por delegación da conselleira de Vivenda e Solo ditarán resolución expresa debidamente motivada sobre a procedencia do outorgamento provisional ou definitivo da renda básica de emancipación, ou, de ser o caso, sobre a súa denegación. A resolución poñerá fin á vía administrativa.

Contra a resolución que se dite poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante os delegados provinciais da Consellería de Vivenda e Solo, nos prazos establecidos no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente, nos termos previstos no artigo 46 da Lei 19/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Os referidos recursos deberán presentarse perante os delegados provinciais da Consellería de Vivenda e Solo que os resolverán por delegación da conselleira de Vivenda e Solo.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

As solicitudes para a concesión provisional ou definitiva da renda básica de emancipación presentaranse, a partir da entrada en vigor desta orde, na delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda por razón da situación das vivendas arrendadas, ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, conforme o modelo establecido no anexo I, achegándose a documentación que nel se especifica.

Artigo 8º.-*Financiamento das axudas.*

As contías correspondentes á concesión da renda básica de emancipación imputaranse aos orzamentos anuais do Ministerio de Vivenda.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2007.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO RENDA BÁSICA DE EMANCIPACIÓN REAL DECRETO 1472/2007, DO 2 DE NOVEMBRO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI471A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	N.I.F./N.I.E.
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

EXPÓN:

Que tendo entre 22 e 30 anos de idade, uns ingresos brutos anuais inferiores a 22.000 €.

- (Se non está no réxime xeral da Seguridade Social), indique o seu réxime de previsión social e nº: _____.

- Se é propietario dunha vivenda e non dispón do uso nin do disfrute da mesma, ou o seu valor catastral non excede o 60% do prezo máximo dunha vivenda protexida de prezo xeral, indique o nº de referencia catastral: _____.

 CON CONTRATO DE ARRENDAMENTO

- Ten un contrato de arrendamento en vigor dunha vivenda na localidade _____ rúa _____, nº _____ piso _____ letra _____, CP _____, con referencia catastral _____. Sendo arrendador D/Dña: _____ con NIF: _____. Que o número de conta do arrendador é: _____

 SEN CONTRATO DE ARRENDAMENTO

- Se cumpre todos os requisitos, recoñeceráselle provisionalmente o dereito a percibila. Desde ese momento, terá tres meses para presentar o contrato de arrendamento.

Polo tanto, e reunindo os requisitos establecidos no Decreto 1472/2007, do 2 de novembro,

SOLICITA:

A renda básica de emancipación regulada no Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro.

O préstamo de 600 € para o pagamento da fianza.

Axuda de 120 € para os gastos de constitución do aval.

O recoñecemento provisional do dereito á renda básica de emancipación regulada no Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro.

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Non teño parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade co arrendador. Teño unha fonte de ingresos que estimo en _____ euros brutos anuais. Non teño ningunha vivenda en propiedade. A vivenda que alugo é vivenda habitual permanente. Notificaréi cando deixo de cumprir calquera dos requisitos exixidos.

Declaro coñecer, aceptar e cumprir o resto dos requisitos exixidos.

AUTORIZO:

A que a Administración pública competente poida solicitar a información que fora legalmente pertinente, no marco de colaboración coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou con outras administracións públicas competentes.

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos apartados 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, polo que se regula a renda básica de emancipación dos xoves. Orde do 26 de decembro de 2007 pola que se regula a xestión da renda básica de emancipación na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	RECIBIDO	_____
	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

, de de 200

DOCUMENTOS QUE DEBEN PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE

- COPIA COMPULSADA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO (EXCEPTO NO CASO DE SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO PROVISIONAL AO DEREITO A PERCIBIR A RENDA BÁSICA DE EMANCIPACIÓN).
- DNI COMPULSADO.
- SE É O CASO, CONTRATO LABORAL VIXENTE.
- SE É O CASO, CERTIFICADO DE HABERES DO ANO EN CURSO.
- * NO CASO DE NON ACREDITAR UNHA FONTE DE INGRESOS NOS SEIS MESES SEGUINTE A SOLICITUDE, CERTIFICADO DE VIDA LABORAL.
- SE É O CASO, RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN OU CERTIFICACIÓN DE PERCEPCIÓN DUNHA PRESTACIÓN SOCIAL PÚBLICA DE CARÁCTER PERIÓDICO, CONTRIBUTIVA OU ASINTENCIAL.
- SE É O CASO, RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA CORRESPONDENTE BOLSA DE INVESTIGACIÓN.
- SE É O CASO, CERTIFICACIÓN DE CONTA BANCARIA ONDE SE INGRESARÁ A RENDA BÁSICA DE EMANCIPACIÓN.
- SE É O CASO, CERTIFICACIÓN DE CONTA BANCARIA ONDE SERÁ TRANSFERIDO O PAGO MENSUAL DA RENDA DE ALUGER.
- COPIA DA TARXETA DA SEGURIDADE SOCIAL.
- NO CASO DE PERSOAS ESTRANXEIRAS NON COMUNITARIAS, PERMISO DE RESIDENCIA.

**No caso do certificado de vida laboral, este obterase por parte da Administración pública. Só no caso de ser requerido deberá solicitalo para o efecto de ser entregado neste procedemento.*

E para que así conste, asino esta solicitude:

, de de 200

(Sinatura)

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 243/2007, do 28 de decembro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Valga, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto construtivo para a supresión de tres pasos a nivel nos puntos quilométricos 65/650, 66/722 e 67/283 da liña férrea Redondela-Santiago de Compostela.

O Concello de Valga, en sesión do día dez de setemebro de dous mil sete, aprobou o proxecto construtivo para a supresión de tres pasos a nivel nos puntos quilométricos 65/650, 66/722 e 67/283 da liña férrea Redondela-Santiago de Compostela e, na sesión do trece de agosto de dous mil sete, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu á información pública.

Que este expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

Que o expediente foi tratado na Comisión de Secretarios Xerais previa á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Que o expediente contén a documentación a que se refire o artigo primeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia, considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo sinala o concello, a liña férrea atravesada desde a parroquia de Campaña ata a de Cordeiro, o que supón que unha grande maioría dos veciños, e tamén do transporte escolar que diariamente leva os nenos aos colexios, teñen que